

Utilízaos adecuadamente

Os medicamentos constitúen un instrumento valiosísimo na prevención e curación das enfermidades.

Se o seu uso non é o adecuado, poden perder parte da súa efectividade ou mesmo ocasionar prexuízos para a túa saúde.

Todos os medicamentos teñen os seus riscos e poden causar efectos secundarios ou consecuencias adversas ou inesperadas. Estes riscos aumentan se o medicamento non é utilizado de forma correcta.

**FAI UN BO USO DOS MEDICAMENTOS.
BENEFÍCIASTE TI E
BENEFICIÁMONOS TODOS.**



www.medicamentosnosonunjuego.es



Os medicamentos
**NON OS TOMES
Á LIXEIRA**

Os medicamentos son útiles cando se necesitan, pero mal utilizados poden ser prexudiciais para a túa saúde.
Non xogues con eles.



www.medicamentosnosonunjuego.es

Os medicamentos son útiles e axúdanche a resolver o teu problema de saúde sempre que os utilices adecuadamente.

Para iso cómpre que esteas ben informado sobre os medicamentos que tomas e a pauta de tratamento que debes seguir (dose e duración).

PÍDELLE SEMPRE INFORMACIÓN AO MÉDICO OU FARMACÉUTICO. LE O PROSPECTO.

- Informa o teu médico da medicación que estás a tomar, para evitar interaccións.
- Non marches da consulta do teu médico sen estar seguro de que comprendiches todo sobre o teu tratamento.
- Sigue as instrucións que o teu médico che deu.
- Le sempre o prospecto antes de utilizar o medicamento, xa que é un documento especialmente dirixido a ti.
- Non suspendas o tratamento sen consultar previamente o teu médico.
- Se ao adquirir un medicamento che xorden dúbidas sobre o seu uso, consulta co teu farmacéutico.

Canta máis información teñas, mellor preparado estarás para evitar erros e coidar de ti mesmo.

PRESCRICIÓN POR PRINCIPIO ACTIVO.

Os medicamentos conteñen principios activos, que son as substancias que fan que teñan os seus efectos terapéuticos.

- A prescrición por principio activo garante a seguridade, a calidade e a eficacia de todos os medicamentos.
- Esta prescrición inclúe todos os medicamentos que teñen a mesma composición, tanto marcas comerciais como medicamentos xenéricos.

COS MEDICAMENTOS NON SE XOGA.

- É perigoso tomar os medicamentos recitados a outras persoas así como compartir con outras os medicamentos que che recitaron a ti.
- Que un medicamento che fose ben unha vez, non significa que na próxima tamén.
- Ningún medicamento é totalmente inocuo.

NON ACUMULES MEDICAMENTOS.

- A túa casa non é unha farmacia, non acumules medicamentos innecesarios e sen usar.
- Non todos os medicamentos se poden conservar nas mesmas condicións.
- Acumular medicamentos ten dous perigos: non conservalos ben ou que caduquen.

Os medicamentos, se se utilizan ben, son moi valiosos na curación das enfermidades, se non, poden converterse nun risco importante para a túa propia saúde.

